

A Televisión do IES San Clemente ([www.iessanclemente.tv](http://www.iessanclemente.tv)) ofrece documentais de curta duración sobre os temas seguintes:

Documentais que poden visionarse dende a páxina web da Tv do IES San Clemente: <a href="http://www.iessanclemente.tv">www.iessanclemente.tv</a> )				
Título do documental	Sinopse	Director	Ano	Duración (min:seg)
<b>1. Etnografía, Historia e Arte de Galicia</b>				
<b>A guerra dos avós</b>	O triunfo da sublevación militar e fascista en Moaña e os comezos da represión durante a Guerra Civil.	Óscar Galansky	2007	25:47
<b>A república dos soños</b>	Describe os privilexios (escolla de nacionalidade e comercio franco) que posuiron os habitantes do Couto Mixto.	Isabel Martínez,	2007	15:15
<b>A romaría da morte</b>	En Santa Marta de Ribarteme coexiste o atavismo dunha romería da morte cun aceptable desenvolvemento económico vencellado coa fronteira portuguesa.	Alberto Estévez Piña	1975	21:54
<b>Cabalos de monte ou a rapa das bestas</b>	Primeiro documental cinematográfico sobre esta tradición.	Salvador Ríos	1974	16:58
<b>Cal viva, cal morta, a derradeira festa</b>	O proceso de elaboración da cal co sistema tradicional da "caleira" e todas as fases do oficio dos antigos caleiros.	Mariano Casas, Duarte Fernánd		48:10
<b>Campaneiros de Arcos</b>	A creación dunha campá cun procedemento artesanal dende 1630	Xesús Méndez,	1981	32:24
<b>Catro Escultores</b>	A obra dos escultores galegos Enrique Velasco, Manolo Paz, Francisco Leiro e Francisco Pestana.	Eloy Lozano	1986	17:56
<b>Con el sudor de tu frente</b>	A fabricación do pan dende a sementeira do millo ata a mesa do consumidor.	Salvador Ríos	1974	16:14
<b>Entroido en Brandaríz</b>	As guerras de antroido, con xenerais, vellos, e sermóns, etc, na parroquia de Brandaríz (Vila de Cruces, Pontevedra).	Daniel González Alén	1978	10:23
<b>Fiadeiras de Zobra</b>	Os labores de cultivo, a elaboración do liño e o rico folklore que perdura en Sta María de Zobra.	Daniel González Alén	1981	14:20
<b>Gitanos sin romancero</b>	A situación social dos xitanos nos arrabaldos de Pontevedra e a obra do arquitecto César Portela.	Llorenç Soler	1976	36:23

<b>Hidroavión alemán DO-X</b>	Chegada a Galicia do hidroavión DO-X, con capacidade para 170 pasaxeiros, en 1930.	Berguer	1930	2:19
<b>Linguas cruzadas</b>	A situación lingüística da sociedade galega e, nomeadamente, da mocidade: pervivencia de estereotipos que marcan aos falantes de cada lingua, atrancos para a normalización do galego e seu futuro como lingua.	María Yáñez, Mónica Ares,		49:54
<b>Nor-noroeste: a viaxe bravú</b>	O movemento bravú na Galicia dos 90 con Xurxo Souto e os Diplomáticos de Monte Alto, o xornalista Xosé Manuel Pereiro e o rapeiro Pinto de Herbón.	Sonia Barros, Marta Piñeiro,		10:25
<b>O carro e o home</b>	Describe as labores agrícolas realizadas polos labregos co carro tirado por vacas en Lobeira (Ourense) en 1941.	Antonio Román	1941	12:28
<b>O santuario do Faro</b>	Milleiros de ofrecidos acuden cada ano á hermita na que hai unha lenda sobre a virxe nas terras de Rodeiro (Pontevedra).	Daniel González Alén	1976	11:34
<b>O tempo dos bullós</b>	O outono nunha aldea do Caurel (montaña luguesa) é tempo lento de choiva, de traballo no campo ou na casa e de mirar para o lume...	Chus Domínguez,	2005	11:30
<b>Patrimonio histórico: Castro de Viladonga</b>	Describe este asentamento no seu período de máximo apoxeo.	Ignacio de la Cierva	2008	11:50
<b>Quen somos?</b>	Reconstrución visual e sonora da identidade galega diferenciada.	Eloy Lozano	2008	1:15:01
<b>Secando ao vento do mar</b>	A seca ao vento é unha das técnicas tradicionais de conservación do peixe	Ricardo Llovo	2005	25:19
<b>Segadores</b>	As experiencias laborais dos valdeorreses que ían segar a Castela e á Ríoxa nos anos cuarenta e cincuenta. Reconstrúense escenas da sega tradicional, rodadas nos escenarios orixinais.	Xulio Nogueira	2003	53:00
<b>Tacholas e Varela Buxán</b>	Percorren os mosteiros de Ansemil e Carboeiro e a ferverza de Pazos nas terras do Deza	Daniel G. Alén	1975	13:15
<b>Tranvías de La Coruña</b>	É o documental galego máis antigo que se conserva, recuperada pola Consellaría de Cultura na Cinemateca Uruguaya de Montevideo.	Anónimo	1926	32:24
<b>Vía nova</b>	Video e diapositivas sincronizadas sobre a romanización de Galicia e recreación do campamento de Aquis Querquennis (actual Centro de interpretación de Baños de Bande, Ourense).	VV.AA.	2001	8:26

2. Emigración a América				
<b>Cantigas de emigración</b>	Videoclip de homenaxe aos emigrantes con música de Fuxan os Ventos, Amancio Prada e Benedito.	Daniel González Alén	1980	14:42
<b>Cienfuegos 1913</b>	Retrato con imaxes actuais e de arquivo do Cienfuegos cubano de 1913 ao xeito do cinema de correspondencia feito para os emigrantes galegos.	Margarida Ledo Andión		16:28
3. A Galicia rural durante o franquismo				
<b>O alquimista</b>	A colaboración entre o réxime franquista e os nazis.	Xosé Zapata	2004	32:30
<b>A memoria nos tempos do wolfram</b>	A demanda de wolframio por alemáns e aliados durante a Segunda Guerra Mundial forneceu cartos e traballo para Galicia.	Antón Caeiro	2003	53:53
<b>Lobos sucios</b>	Competencia entre nazis e aliados pola produción de wolfram en Galicia durante a II Guerra Mundial.	Felipe Rodríguez Lameiro,	2007	31:56
<b>Contactos</b>	Lembranzas do fotógrafo Virxilio Vieitez sobre as súas experiencias profesionais como retratista en Terra de Montes.	Marcos del Pino	2006	16:51
<b>Xares, o río que nos leva</b>	Lembranzas das xentes do pobo de Alberguería, que desapareceu no ano 1958 pola construción dun encoro no río Xares (A Veiga, Ourense).	Pedro Prada	2007	53:34
<b>Historias de aldea</b>	A sra. Casimira describe a importancia dos animais para a casa labrega.	Casimira	2008	5:23
<b>Identidade de muller xorda</b>	A infancia e xuventude dunha rapaza xorda no rural galego.	Milagros Vázquez	2008	03:27
<b>Vida dunha nai</b>	A historia dunha nai que traballou arreo para sacar aos seus fillos adiante narrada pola súa filla.	Manola González Segade	2008	03:23
<b>O maior agasallo da avó</b>	O fiado da lá transmitido xeracionalmente no berce da familia.	Fina Casal Sanesteban	2008	8:31
<b>A aldea, o antigo e o novo</b>	A persistencia das formas de asentamento rurais en Galicia e o retorno a ela dos mozos de orixe urbana na procura do medio natural.	Ignacio Vilar	2000	1:02:19
4. A defensa dos recursos naturais durante a ditadura franquista e a transición á democracia				
<b>Autopista, unha navallada á nosa terra</b>	As consecuencias da autoestrada na paisaxe e na vida cotiá das xentes do campo e a persistencia dos problemas de comunicación en 1997.	Llorenç Soler	1997	33:17

<b>O monte é noso</b>	Describe as loitas do campesiñado galego pola recuperación da propiedade dos montes comunais que lle foron usurpados pola ditadura franquista a partir de 1939.	Llorenç Soler,	1978	33:21
<b>Area nos ollos. A loita por Baldaio 30 anos despois</b>	Reconstrúe a manifestación que reclamou a devolución da marisma de Baldaio aos veciños o 8 de maio de 1977, que fora concedida a unha marisqueira en 1947.	Iván Seoane	2007	22:46
<b>Loita pola ría</b>	Describe a loita en defensa da ría de Pontevedra que protagonizaron en 1965 as mulleres de Ponte Sampaio e Arcade.	Estrela	2008	4:17
<b>Carcamáns</b>	O valor demostrado polos mariñeiros da illa de Arousa nos primeiros días do desastre do Prestige recollido en imaxes e testemuños dos afectados.	Marcos Nine	2003	38:51
<b>5. Denuncias das desfeitas medioambientais e urbanísticas na Galicia actual</b>				
<b>A casa de Lola de Andrés</b>	Reflicte a destrución dos espazos habitados a consecuencia da especulación inmobiliaria na Costa da Morte	Olaia Sendón	2006	34:40
<b>Ven a Bens</b>	Describe o microcosmos humano do antigo vertedoiro de Bens na Coruña	Sandra Sánchez	1992	14
<b>Ciclo combinado</b>	A situación socioeconómica de As Pontes, antes e despois da revolución industrial producida pola implantación da central térmica acompañada da mina de carbón a ceo aberto.	Sabela Pernas Soto, Nuria Cast		11:59
<b>6. As xentes do mar e as rías galegas</b>				
<b>Argazo</b>	O esforzo das argaceiras, mulleres que se dedican a recollida de argazo na costa da Guarda.	Xurxo González	2006	26:00
<b>Naufrexio</b>	Representación do Naufrexio que se celebra en Laxe cada 17 de Agosto dende 1962 en honra dos mariñeiros.	Daniel López Montero	2008	9:00
<b>Mar de estrelas</b>	Viaxe submarina polas rías galegas, gravada de noite para retratar mellor aos polbos, luras, chocos e outras especies que protagonizan este documental.	Jorge J. Candán,	2003	16:31

Nota: todos os documentais que ofrece [www.iessanclemente.tv](http://www.iessanclemente.tv) proceden de <http://www.flocos.tv/>. É preciso rexistrarse na páxina dese IES para poder visionar ditos documentais.